

Noites de tormenta, o purosangue Zahir, e o amor sensible do namorado de Marie, artellan a última novela de Jean-Philippe Toussaint, traducida ao galego por Carmen e Dolores Torres París. Co estilo sutil que o caracteriza dende as primeiras obras, segue a afondar o escritor belga nas descrições suxestivas da nosa época, e retoma xeografías xa visitadas, como a Illa de Elba, onde continúa a nos agardar as calas desertas. Pero renóvase e sorprende: o narrador-personaxe enfoca a Marie, sofisticada e soñadora como nas anteriores entregas, cun humor negro que non lle fará perder o seu sedutor erotismo. Se reflexións melancólicas descubren a crise de parella que latexa de

Vómito de cabalo

Con eléctricas alternancias

LAURA CAVEIRO



fondo, tamén desprenden as páxinas outra enerxía de signo contrario, ata fundirse todo nun conseguido ritmo narrativo de eléctrica alternancia de movemento e inmovilidade.

O cabalo de carreiras, propiedade do amante de Marie, que non o seu namorado, protagoniza un dos momentos culminantes: lévano para participar nunha competición en Xapón, pero ha de volver

a Europa tras un control antidopaxe no hipódromo. Infernal noite de treboada. Vémolo fuxir pola pista do aeroporto de Toquio cando o ían meter no avión de carga. Vémolo correr no límite das súas forzas, ferido na persecución do persoal de seguridade. escoitamos os laios queixosos de Zahir, reducido e febril no seu box, xa dentro do Boeing de mercadorías. Se cadra, administráranlle un calmante cun golpe seco de agulla, xusto despois da persecución. Mareado, suando, traizoará a súa especie e fará algo que os cabalos non poden facer: vomitar.

TOUSSAINT,

Jean-Philippe, *A verdade sobre Marie* (trad. Carmen Torres/Dolores Torres), Ed. Galaxia, Vigo, 2011, PVP 15,40 €